

**Unha xoia bibliográfica na
Biblioteca Municipal de Betanzos:
A *Iconologia* de Cesare Ripa Perugino (1630)**

JORGE GUTIÁN CASTROMIL*
XOÁN GUTIÁN RIVERA**

Sumario

O presente traballo ten por obxecto dar a coñecer a existencia na Biblioteca Municipal de Betanzos dunha auténtica xoia bibliográfica: un exemplar da *Iconoloxía* de Cesare Ripa, obra fundamental da cultura europea da Idade Moderna. O exemplar de Betanzos corresponde á edición italiana de 1630

Abstract

The main aim of this paper is to introduce a bibliographic jewel kept at the Public Library of Betanzos: Cesare Ripa's *Iconologia*, a fundamental work in the European culture of the Modern Age. This volume is the Italian edition of 1630.

EMBLEMÁTICA E ICONOLOGIA

Fronte ós tradicionais repertorios de emblemas que, ó longo da segunda metade do S.XV, e principalmente a causa do éxito do libro de emblemas de Andrea Alciato, viñan aparecendo con crecente frecuencia en distintos países europeos, en especial en Italia e Francia, Cesare Ripa Perugino opta por bautizar o seu repertorio como *Iconologia*¹, unha denominación novidosa que encerra importantes cambios no concepto global da obra.

A *Iconologia*, etimoloxicamente o discurso ou teoría das imaxes, pretende ir máis aló da mera recompilación de emblemas. Segundo sinala o prólogo da edición que nos ocupa, a orixe do nome *Iconologia* deriva de dúas palabras gregas, *Icon*, que significa 'imaxe', e *Loxia*, 'discurso', así que *Iconologia* non quere dicir outra cousa que 'Discurso das Imaxes', xa que nela se describen infinitas figuras explicadas con sabios e doctos discursos mediante os que se representan a beleza das virtudes e a fealdade dos vicios, de tal xeito que estes fuxan e aqueles se abracen².

Así pois, a *Iconologia* de Ripa, concibida como descrición de diferentes imaxes tomadas da antigüidade ou froito da invención³ pretende converterse nunha fonte de referencia na que as imaxes, de raigame emblemática, aínda que notablemente modificadas respecto ó modelo canónico constituído por lema, imaxe e *subscriptio*⁴, aparecen

* Jorge Guitián Castromil, é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e obtivo o Diploma de Estudos Avanzados na mesma disciplina na UNED. Na actualidade traballa na sección de Artes Plásticas do Consello da Cultura Galega

** Xoán Guitián Rivera é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Escritor e conferenciante, na actualidade traballa como funcionario na Universidade de Santiago.

1 O título completo é *A mais que novísima Iconoloxía do Cabaleiro Ripa*.

2 Esta definición da Iconoloxía aparece por vez primeira na edición de 1630.

3 E afastada, xa que logo, do significado que actualmente se lle atribue a este termo, fundamentalmente a raíz dos estudos de Erwin Panofsky (ALLO MANERO, A. (1987): Páx. 9).

4 SÁNCHEZ PÉREZ, A. (1977): Páxs. 19 e seguintes.

DELLA PIV
CHE NOVISSIMA
ICONOLOGIA

D I
CESARE RIPA PERVGINO

Cauallier di SS. Mauritio, & Lazaro.

PARTE PRIMA.

Nella quale si esprimono varie Imagini di Virtù, Viti, Af-
fetti, Passioni humane, Arti, Discipline, Humori,
Elementi, Corpi Celesti, Prouincie d'Italia,
Fiumi, & altre materie infinite vtili ad
ogni stato di Persone.

A M P L I A T A

DAL SIG. CAV. GIO. ZARATINO CASTELLINI ROMANO
in questa ultima edizione di Imagini, & Discorsi,
con Indici copiosi, & ricorrette.



In Padoua, Per Donato Pasquardi. M DC XXX.

Con licenza de' Superiori.

86

Della nouissima Iconologia

TITVLVM MEVM DVM VIXI


VALVI. ET HABVI BENE QVET

VIVEREM. ET CONIVGEM

HABVL MIHI. AMANTISSIMA.

Hora se da gentili è stato fatto conto di vi-
uere senza querela, senza offesa, & lesione alcu-
na tra Moglie, & Marito, mà con reciproco, &
scambieuo amore, tanto più da Christiani si
deue procurare di viuere nel Sacro Matrimonio
in Santa Pace con vnione, & Beneuolenza, ac-
ciò meritino poi d'essere vniti nell'altra vita in
sempiterna gloria.

B E N E F I C I O .



VN giouane di singolar bellezza, con viso allegro, & ridente, Sarà nudo, mà però ad'anna collo habbia vn drappo di color turchino tutto stellato, il quale cuopri le parti più segrete, si vedrà dal Cielo vn raggio il quale farà riplendere detta figura. Terrà il braccio destro alto, & con la palma della mano le tre gratie, nella guisa, che si fogliono rappresentare, Cioè vna stà con le spalle verso noi, & due ci guardano, tenendo le mani intrecciate in guisa di chi balla, Starà con il braccio sinistro in atto di abbracciare altrui, & che nella giuntura del brac-

cio, & della mano vi siano vn par d'ale, tenendo con detta mano vna Catena d'oro con dimostrazione di farne dono, Et per terra dalla parte destra vi sarà vn'Aquila, la quale hauendo fatto preda d'vna lepore qual tenghi sotto gl'artigli, lassì cibare vari uccelli di rapina differeti dalla sua specie. Giouane si dipinge, perche non dee inueccchiarsi mai la memoria de i beneficij riceuti, che così dice Seneca libro primo de beneficij.

Si rappresenta di singolar bellezza, essendo che il Beneficio più d'ogn'altra cosa infinitamente

acompañadas dunha explicación erudita ou, como explica Rodríguez de la Flor, é parte fundamental do proceso no que, “*o texto ancora a imaxe, a imaxe revela o texto*”⁵. Non se trata tanto de propoñer unha serie de imaxes máis ou menos crípticas, como de explicar os fundamentos das mesmas, de tal xeito que o seu uso poida extenderse e resultar accesible. Como a propia denominación advirte, a obra é unha recompilación de imaxes de carácter emblemático en certo senso, pero máis aló destes contidos é, fundamentalmente, un compendio de explicacións e argumentacións que fan posible o coñecemento profundo desas imaxes, da súa xénese, do seu proceso conformador, das súas influencias e das súas intencións, sexan éticas e moralizantes ou sinxelamente eruditas.

A influencia da mitoloxía e da historia grecolatina é patente no conxunto da obra, pero tamén outras fontes como a literatura da antigüidade ou obras máis próximas no tempo, como a *Hypnerotomachia Poliphili* de Francesco Colonna, ou os propios emblemas de Andrea Alciato, atopan o seu lugar na conformación da linguaxe de Cesare Ripa.

Dada a intención do autor, a obra acadou a súa plenitude a partir da primeira edición na que se incluíron gravados ilustrativos: a realizada en Roma en 1603. A partir dese intre xa non se trata só dun repertorio explicativo, senón que inclúe ademais a exemplificación visual desas explicacións, ilustrando o modo canónico de realizalas. Tanto foi así que na edición que nos ocupa, a octava da obra e a cuarta ilustrada con gravados, o número de imaxes foi notablemente ampliado respecto ás anteriores⁶, converténdoa no modelo canónico das posteriores edicións, tanto italianas como realizadas noutros países europeos.

Do éxito da obra, da plena consecución dos seus obxectivos, moi especialmente no caso das súas edicións ilustradas, dá conta o número de obras artísticas, non só pictóricas, nas que pode rastrearse a súa influencia, desde datas ben temperás e ata a pintura contemporánea⁷, en toda Europa e Iberoamérica. Pouco estudiaada ata o momento, aínda que patente nos textos que a describen, foi a influencia da *Iconologia* de Ripa no monumento fúnebre por Dona Margarita de Austria, erixido na cidade da Coruña no S.XVII⁸, que pode ser entendido como un dos exemplos máis evidentes e temperáns da influencia da obra de Ripa na conformación das linguaxes artísticas na Galicia moderna.

5 Rodríguez de la Flor, F. (1995): Páx 15.

6 Segundo se fai constar na segunda folla do volume: *ampliada polo Señor Cabaleiro Giovanni Zaratino Castellini Romano nesta última edición con imaxes e discursos, con índices copiosos e correxida*.

7 É coñecida, por exemplo, a influencia da literatura emblemática e das imaxes de Ripa, máis ou menos adulterada polas sucesivas adaptacións e reinterpretacións, na obra de Francisco de Goya. Sobre este particular vid., SORIA, M.S. (1948) ou, mais recentemente, LÓPEZ VÁZQUEZ, J.M. (1981): páx. 18.

8 GOMEZ TONEL, J.: *Relación de las exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reina D. Margarita de Austria, Nra. Señora. Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1951.*(Ed. facs. da ed. de Santiago: Pacheco, 1612).

ANIMO PIACEVOLE, TRATTABILE,
& Amoreuole.

VN Delfino che porti a cavallo vn fanciullo. Se bene Piero Valeriano per autorità di Pausania attribuisce al Delfino il simbolo d'animo grato perche in Profelene Città della Ionia, essendo chiamato vn Delfino per nome Simone da vn fanciullo, soleua accostarsi al lito verso quello, & accomodarsegli sotto per portarlo a suo piacere, perche fù da quel fanciullo tolto dalle mani de Pescatori, & medicato d'vna ferita che gli fecero, nondimeno noi l'attribuiremo ad Animo piaceuole, & trattabile, perche il Delfino è piaceuole verso l'huomo non per interesse alcuno de benefitij ricevuti, ò da riceuerli, mà di sua propria natura, si come l'istesso Valeriano con sue proprie parole conferma citando Plutarco in cotal guisa *Admiratur Plutarcus tauam animalis istius humanitatem, siquidem non educatione, veluti canes, et equi, non vna alia necessitate,*

veluti elephanti panteras, & Leones ab hominibus liberati sed gemino quodam affectu sponte sunt humani generis amatores. Dunque se spontaneamente di naturale affetto sono amatori del genere humano, non sono per gratitudine de benefitij ricevuti, & che sia il vero, leggesi presso altri Autori, che li Delfini hanno fatto l'istesso, che narra Pausania con altri, da quali non hanno mai ricunto beneficio alcuno; nè beneficio chiamerò il butargli delle miche di pane, che per scherzo si buttano, e non per alimento, perche il Delfino non ha bisogno di questo sapendosi procacciare nell'ampio Mare il vitto da se stesso, e se ha portato persone, non l'ha portate per gratitudine, mà per piaceuole domestichezza; il Delfino ha portato varie persone indifferentemente, solo perche è di natura piaceuole, trattabile, & amoreuole verso l'huomo. Per il che si riferisce da Solino

O AUTOR

Non hai moitos datos fiables sobre o nacemento de Cesare Ripa, pero suponse que sería natural de Perugia, capital da rexión italiana da Umbría. Moi novo aínda é levado a Roma, entrando ó servizo do Cardeal Salviati, posto que lle permitiu establecer relación con numerosos cargos públicos, intelectuais, artistas e eclesiásticos.

Neses anos ó servizo de Salviati escribe a súa gran obra: *Iconologia*. A primeira edición, de 1593, terá un éxito rápido o que leva a Ripa a preparar unha segunda en 1602.

Ripa foi membro durante anos de diversas academias literarias de Siena e finalmente retirouse a Roma onde adquiriu unha casa.

Non se coñece con precisión o ano da súa morte. Unicamente podemos deducir que en 1624-1625 xa morrera, porque na edición da *Iconologia* publicada ese ano o impresor Pignatelli fai referencia expresa á morte de Ripa nunha dedicatoria.

AS PRIMEIRAS EDICIÓNS

O rápido éxito da *Iconologia* determinou a publicación dun importante número de edicións en poucos anos e en diversas cidades italianas. Estas son as principais:

- 1593 : Roma – Edición Príncipe
- 1602 : Milán
- 1603 : Roma – Primeira edición ilustrada
- 1611 : Padua
- 1613 : Siena
- 1618 : Padua
- 1620 : Parma
- 1624-1625: Padua
- 1630: Padua

A esta edición de 1630 pertence o exemplar da Biblioteca Municipal de Betanzos.

É esta a primeira edición na que se inclúe unha introducción histórica sobre a orixe e o éxito da *Iconologia*, así como comentarios sobre as edicións precedentes. Tamén se proporcionan informacións sobre a autoría dos debuxos preparatorios para os gravados xilográficos da edición de 1603.

Outra novidade presente nesta edición de 1630 é a inclusión de referencias expresas ó significado do termo “Iconologia”.

HISTORIA E IMPORTANCIA BIBLIOGRÁFICA DO EXEMPLAR DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE BETANZOS

Descoñecemos os datos relativos ós tres primeiros séculos de historia deste exemplar da *Iconologia* de Ripa. Os primeiros datos coñecidos desa historia sitúano en Madrid, onde será reencadernado nunha data que non podemos precisar cara a finais do século XIX ou principios do XX. No libro hai unha pequena etiqueta co texto:

Librería de S. Martín Puerta del Sol, 6 y Carretas, 39 El Libro de Oro Madrid

que debe corresponder ó establecemento no que se realizou a encadernación.

O exemplar foi posteriormente vendido no Rastro madrileño. Alí o merca don Francisco Javier Martínez Santiso, fotógrafo, pintor, debuxante e escritor, no ano 1916, tal como consta nunha inscrición existente na contracapa:

Biblioteca particular de F. Javier Martnz. Santiso	
Adquirido en el Rastro de Madrid en 1'50 pts. a la 1 ½ de la tarde del 3 de Dicbre. de 1916.	
Numº 885	Betanzos

A respecto do valor bibliográfico e bibliofílico do exemplar, íntegro e en excelente estado de conservación (coa salvedade da súa reencadernación e algunhas pequenas manchas de humidade) pouco é o que se pode engadir. Trátase dun exemplar pouco frecuente da cuarta edición ilustrada –a primeira que se pode considerar canónica– dunha das obras fundamentais para a historia da arte moderna, ademais de ser unha obra de referencia para a evolución de determinados xéneros literarios e un dos títulos máis perseguidos polos bibliófilos e coleccionistas de todo o mundo.

Exemplares desta mesma edición, idénticos ó conservado na Biblioteca Municipal de Betanzos, forman parte da colección de tesouros bibliográficos de destacados centros de investigación, entre os que compre nomear a Universidade de Glasgow (Escocia), onde figura no catálogo da Stirling Maxwell Library, ou a Universidade de Iowa (Iowa City, E.E.U.U), que o inclúe no seu catálogo de Fondos Especiais.

BIBLIOGRAFÍA

- ALLO MANERO, A., 1987, “Prólogo” en RIPA, C.: *Iconología* (1987). Madrid. Ed. Akal. Páxs. 8-37.
- GOMEZ TONEL, J., 1951, *Relación de las exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reina D. Margarita de Austria, Nra. Señora*. Compostela: Bibliófilos Gallegos. (Ed. facs. da ed. de Pacheco, 1612)
- LOPEZ VÁZQUEZ, J.M., 1981, *Goya: el programa neoplatónico de las pinturas de la Quinta del Sordo*. Santiago de Compostela. Ed. Velograf.
- RIPA, C., 1987, *Iconología*. Madrid: Ed. Akal.
- RODRÍGUEZ DE LA FLOR, F., 1995, *Emblemas. Lectura de la imagen simbólica*. Madrid. Ed. Alianza.
- SÁNCHEZ PÉREZ, A., 1977 *La Literatura emblemática española. Siglos XVI y XVII*. Madrid. Ed. Sociedad General Española de Librerías.
- SEBASTIÁN, S., 1995, *Emblemática e Historia del Arte*. Madrid: Ed. Cátedra.

